

ES COPIA SIMPLE

NÚMERO CUARENTA Y OCHO. -----

ESCRITURA DE FORMALIZACIÓN DE ACUERDOS SOCIALES. --

En VILALBA (Lugo), mi residencia, a diez de
Enero de dos mil dieciocho. -----

Ante mí, **JESÚS BASANTA BARRO**, Notario del
Ilustre Colegio de GALICIA, -----

----- **C O M P A R E C E** -----

DON CARLOS ZOILO LÓPEZ EIMIL, mayor de edad,
empresario, casado, vecino de VILALBA (LUGO),
domiciliado en la rúa de Galicia, números 10-14,
5º-C, y con D.N.I. 33856996F. -----

INTERVIENE en nombre y representación de la entidad
FUNDACIÓN HOSPITAL ASILO DE VILALBA, de
nacionalidad española, domiciliada en VILALBA
(LUGO), rúa Plácido Peña, número 86, con C.I.F.
G27472927. -----

"A Fundación ten por obxeto a promoción e
prestación de todo tipo de servizos de carácter
social e socio-sanitario ás persoas maiores,
enfermas ou que se atopen en estado de necesidade

económica e social, outorgando preferencia ás que se atopen en situación de desamparo social ou económico, e en especial, ós nados ou residentes no Concello de Vilalba e a comarca da Terra Chá." ----

Inscrita en el Registro de Fundaciones de Interés Gallego de la Xunta de Galicia con el número 3/1932.-----

Ejerce esta representación como **Presidente** de la Fundación, cargo para el que fue nombrado, por el plazo estatutario de cinco años, en virtud de acuerdos de la Asamblea General y del Patronato en reuniones celebradas con la presencia de todos sus miembros los días nueve y trece de Julio de dos mil quince, respectivamente, los cuales fueron elevados a público en escritura por mí autorizada el día veintitrés de Julio de dos mil quince, con el número 1.078 de Protocolo, copia autorizada de la cual tengo a la vista.-----

Tiene, a mi juicio, facultades representativas suficientes para el presente otorgamiento.-----

El otorgante me asegura la vigencia e ilimitación de su cargo y que no ha experimentado variación alguna la capacidad ni los datos de identificación de la entidad que representa.-----

Lo identifico por su D.N.I. reseñado y tiene, a mi juicio, tal y como interviene, la capacidad legal necesaria para otorgar esta escritura, y al efecto,

- - - - - **D I S P O N E:** - - - - -

PRIMERO.- El compareciente deja elevada a público la modificación de los vigentes estatutos de la Fundación Hospital Asilo de Vilalba para su adaptación a la normativa vigente aprobada en la reunión del Patronato de dicha Fundación celebrada en el domicilio social el día catorce de Diciembre de dos mil diecisiete, según resulta de la certificación expedida con fecha veintiuno de Diciembre de dos mil diecisiete por el Secretario Don Julio Villarino Fernández, con el visto bueno del Presidente, cuyas firmas considero legítimas por conocerlas, que queda incorporada a esta matriz, juntamente con los nuevos Estatutos de la Fundación (redactados en diez hojas, escritas por su anverso y reverso), dándose aquí por íntegramente reproducidos todo ello a los efectos

legales pertinentes.-----

SEGUNDO.- El compareciente solicita la inscripción, en su caso parcial, de esta escritura en los Registros Públicos competentes (particularmente en el Registro de Fundaciones de Interés Gallego de la Xunta de Galicia).-----

----- **OTORGAMIENTO Y AUTORIZACIÓN** -----

ASÍ LO DICE Y OTORGA, una vez hechas las reservas y advertencias legales, especialmente las de la legislación fiscal y registral y las relativas al artículo 5º de la Ley Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Personal.-----

Manifiesta el compareciente su voluntad de que no se efectúe la presentación de esta escritura en los Registros Públicos competentes por los procedimientos establecidos al efecto en el Reglamento Notarial.-----

Yo, el Notario, doy fe de que el consentimiento ha sido libremente prestado y de que el otorgamiento se adecua a la legalidad y a la voluntad debidamente informada del otorgante o interviniente.-----

Le leo esta escritura por su elección, previa



Vilalba, 21 de decembro de 2017

Julio Villarino Fernández, secretario da Fundación Hospital Asilo de Vilalba,

CERTIFICO:


1.- Que á reunión do Padroado da Fundación Hospital Asilo de Vilalba de data 14 de decembro de 2017 asistiron os seguintes membros, que se citan: Carlos Z. López Eimil, presidente; Julio Villarino Fernández, secretario; Vicente García Pernas; Jesús Vivero Prieto; Eugenio García Amor; Jesús Pérez Expósito. Tamén asistiu como convidado, con voz e sen voto, o director da Residencia Jesús Ramil Novo.

2.- Que na citada reunión, e entre outros, foron adoptados os seguintes acordos por unanimidade dos presentes:


4.- Deliberación, e aprobación se procede, da modificación dos vixentes estatutos para a adaptación dos mesmos a normativa vixente.

Unha vez deliberado sobre os Estatutos propostos pola presidencia, que se acompañan como anexo, apróbanse por unanimidade dos presentes.

E para que así conste asino o presente documento co visto e prace do presidente da FHAV.



Carlos Z. López Eimil
Presidente da FHAV



Julio Villarino Fernández
Secretario da FHAV

ESTATUTOS DA FUNDACIÓN HOSPITAL ASILO DE VILALBA

DISPOSICIÓN PRELIMINAR

A Fundación Hospital Asilo de Vilalba foi clasificada como de Beneficencia Particular o 15 de abril de 1932 por acordo ditado polo Gobernador Civil de Lugo logo publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o día 1 de xuño de 1932 (BOP nº 128). A súa filosofía fundacional foi a de atender a persoas desvalidas e desherdadas da fortuna orixinarias ou veciñas de Vilalba e da súa comarca, de acordo cos recursos dos que a propia Fundación puidese dispoñer.

A Fundación Hospital Asilo de Vilalba leva atendendo sen interrupción os fins fundacionais dende 1937, sempre conforme á lexislación vixente. A Fundación Hospital Asilo de Vilalba agradece á Congregación relixiosa católica **“Terciarias Franciscanas de la Madre del Divino Pastor”** os ímprobos esforzos que durante mais de 75 anos realizaron para atender con dignidade os usuarios que pasaron por esta Institución. Agradecemento que se fai extensivo a cantas persoas formaron parte dos sucesivos padroados.

Os presentes estatutos manteñen a filosofía fundacional e acomódanse á actual lexislación e, en concreto, á lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de interese galego e ao decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de fundacions de interese galego.

TÍTULO PRIMEIRO.

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Denominación e natureza

A **“Fundación Hospital Asilo de Vilalba”** en adiante a **Fundación**, configúrase como unha organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cuxo patrimonio está afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral que se establecen nestes estatutos.

Artigo 2. Domicilio e ámbito de actuación

A Fundación terá a súa sede nas dependencias do Hospital Asilo de Villaba ubicado no número 86 da rúa Plácido Peña do concello de Vilalba (Lugo) CP. 27800.

O Padroado poderá promover o cambio de enderezo, mediante a oportuna modificación estatutaria, con posterior comunicación ao Protectorado e inscrición no Rexistro de Fundacións.

A Fundación desenvolverá as súas actividades principalmente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para o mellor cumprimento dos seus fins, a Fundación poderá crear delegacións en territorio distinto ao do seu ámbito de actuación, así como establecer relacións instrumentais con terceiros en calquera ámbito territorial.

Artigo 3. Personalidade e capacidade

A Fundación Hospital Asilo de Vilalba, inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 132/3, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, e poderá realizar, en consecuencia, todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento dos fins fundacionais, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

Artigo 4. Duración

A Fundación constitúese por tempo indefinido. Porén, se nalgún momento os fins propios da Fundación se considerasen cumpridos, ou fose imposible a súa realización, o Padroado poderá acordar a súa extinción, de conformidade co que dispoña a lexislación vixente, e nestes estatutos.

Artigo 5. Réxime normativo

A Fundación rexerese polos presentes estatutos, polas disposicións que en interpretación e desenvolvemento deles estableza o Padroado e, en todo

caso, pola Lei do Parlamento de Galicia 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego; polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego; polo Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aprobou o Rexistro de Fundacións de Interese Galego e polas demais normas que as desenvolvan ou substitúan.

Así mesmo, tamén se rexerá polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións; pola Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, e polo Real decreto 1270/2003, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, así como pola restante normativa que sexa de aplicación.

TÍTULO SEGUNDO

OBXECTO DA FUNDACIÓN

Artigo 6. Fins

A Fundación ten por obxecto a promoción e prestación de todo tipo de servizos de carácter social e socio-sanitario ás persoas maiores, enfermas ou que se atopen en estado de necesidade económica e social, outorgando preferencia ás que se atopen en situación de desamparo social ou económico, e en especial, ós nados ou residentes no Concello de Vilalba e a comarca da Terra Chá.

Este fin realizarase fundamentalmente mediante a xestión e mantemento de unha residencia e centros de atención diurna.

O desenvolvemento do obxecto fundacional poderá ser realizado directamente pola Fundación, ou mediante colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.

Artigo 7. Actividades fundacionais

Para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior, a Fundación pode realizar as seguintes actividades:

a) Proporcionar asistencia á terceira idade que comprenda os servizos de residencia ou lugar de acollida, permanente ou temporal, a persoas maiores que esteñan necesitadas de atención, e prestarlles os servizos asistenciais necesarios para o seu desenvolvemento persoal e social.

b) Proporcionar asistencia a persoas maiores que pola súa idade ou estado de saúde se atopen en situación de necesidade, prestando residencia en pisos tutelados se fose convinte para tal fin.

c) Prestar asistencia socio sanitaria a persoas en situación de dependencia por enfermidade crónica, neurodexenerativa, convalecencia, discapacidade, enfermidade en fase terminal e situacións análogas, que comprenda a estancia, atención e coidado que precise a súa situación persoal.

d) Facilitar asistencia a persoas en situación de necesidade ou risco de exclusión ou dificultade social, mediante o aluguer social ou cesión temporal de vivenda ou espazo habitacional.

e) Cualquera outra actividade encamiñada á atención de persoas afectadas por carencias de asistencia social, incluso a colaboración con outras institucións, en programas de investigación, cooperación nacional ou internacional en beneficio de persoas maiores ou en risco de exclusión.

f) Cualquera outra actividade dirixida ás persoas maiores de carácter similar ou análogo ás anteriormente descritas.

A Fundación poderá realizar actividades económicas que teñan por obxecto o cumprimento dos fins fundacionais, ou sexan complementarias ou accesorias das anteriores, con sometemento ás normas reguladoras da defensa da competencia.

Artigo 8. Liberdade de actuación.

O Padroado terá plena liberdade para determinar as actividades da Fundación tendentes á consecución daqueles obxectivos concretos que,

ao xuízo daquel e dentro do cumprimento dos seus fins, sexan máis adecuados ou convenientes en cada momento.

TÍTULO TERCEIRO

REGRAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS AO CUMPRIMENTO DOS FINS FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS

Artigo 9. Destino das rendas e ingresos

A Fundación destinará o patrimonio e as súas rendas ao cumprimento dos fins fundacionais.

Á realización dos fins fundacionais deberá ser destinado, polo menos, o setenta por cento (70%) dos resultados das explotacións económicas que se desenvolvan e dos ingresos que se obteñan por calquera outro concepto, deducidos os gastos realizados para a súa obtención, e o resto deberase destinar a incrementar a dotación fundacional ou a reservas, segundo acordo adoptado polo Padroado. Non se incluírán no cálculo dos ingresos as doazóns recibidas en concepto de dotación, nin as ganancias obtidas na transmisión de bens ou dereitos afectados á dotación fundacional, sempre que se reinvestan en bens dotacionais.

O prazo para o cumprimento desta obriga será o comprendido entre o inicio do exercicio en que se obtiveron e os catro anos seguintes ao peche do dito exercicio.

Os gastos de administración non poderán superar a porcentaxe fixada na lexislación vixente.

Artigo 10. Publicidade das actividades

O Padroado dará información suficiente dos fins e das actividades da Fundación, a través de páxina web, nos termos sinalados no artigo 27 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, para que sexan coñecidos polos eventuais

beneficiarios e demais interesados.

Artigo 11. Beneficiarios

Serán beneficiarios dos servizos que se presten, aquelas persoas enfermas e anciáns ou que se atopen en estado de necesidade económica e social, naturais da comarca da Terra Chá ou que acrediten cinco anos de residencia na mesma, seguindo a filosofía de dar prioridade a residentes no concello de Vilalba e na súa contorna, e sempre con criterios de imparcialidade, obxectividade, transparencia e non discriminación por razón de sexo, raza, crenzas ou condición social ou económica.

O Padroado poderá, non obstante, prestar os servizos da Fundación a aqueles solicitantes que, non cumprindo algún dos requerimentos anteriores, se atopen en situación de extrema necesidade.

O Padroado poderá, así mesmo, concertar servizos especiais con entidades ou particulares.

TÍTULO CUARTO

ÓRGANOS DA FUNDACIÓN: ÓRGANOS DE GOBERNO E ÓRGANOS DE XESTIÓN

I – ÓRGANOS DE GOBERNO E A SÚA DESIGNACIÓN.

Artigo 12. Doadores.

Reunirán a condición de doadores aquelas persoas físicas ou xurídicas que, contribúan mediante achegamentos da cota anual a consecución do obxecto fundacional. Esta cantidade será acordada polo Padroado para as distintas anualidades.

Co fin de cumprir con este trámite, o Padroado deberá levar un rexistro de doadores no que constarán o nome, número de identificación fiscal, enderezo e importe das doazóns.

Os doadores terán o dereito:

- a) De recibir información das labores realizadas pola Fundación, agás naqueles casos en que interfiran cos requisitos de sivilo inherentes e necesarios en cada asunto.
- b) Propoñer ao Padroado liñas de melloras dos servizos prestados.
- c) Elección dos membros do Padroado, entre aqueles que leven máis dun ano coa consideración de doadores.

Artigo 13. Cesamento como doadores.

O cese como doadores da Fundación implicará a perda de todos os dereitos inherentes a tal condición e producirase cando concorran algunhas das seguintes causas:

- a) Falta de pagamento dos achegamentos establecidos polo Padroado.
- b) Acordo do Padroado cando se producisen, polo membro en cuestión, faltas contra os intereses da Fundación.
- c) Renuncia expresa por calquera medio que permita ter constancia dela.

Artigo 14. A Asemblea de Doadores.

A Asemblea de doadores está constituída polas persoas que conforme aos artigos anteriores teñan a condición de doadores.

A asemblea de doadores reunirse dentro do primeiro trimestre do ano no que corresponda a renovación do Padroado. Ou en calquera momento que o Padroado considere a proposta do seu Presidente.

Artigo 15. Funcións e desenvolvemento da asemblea de doadores.

Serán funcións da asemblea de doadores, a elección dos cinco membros electos do padroado.

A súa reunión será convocada polo Presidente, con inclusión da orde do día, cunha antelación mínima de quince días naturais, mediante notificación persoal por carta ou ben mediante a inserción dun anuncio nun dos xornais de maior difusión na zona.

No tempo que medie entre a convocatoria e a celebración da asemblea, estará exposta na sede da Fundación a relación de doadores con dereito a participar nela.

A asemblea de doadores celebrarase na data e hora sinalados na

convocatoria calquera que sexa o número de asistentes e estará presidida polo Presidente da Fundación.

Artigo 16. O Padroado

O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación, e executará as funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nestes estatutos.

Corresponde ao Padroado o cumprimento dos fins fundacionais e a administración dos bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación, mantendo o seu rendemento e utilidade.

Artigo 17. Composición do Padroado.

O Padroado estará composto por sete membros. Distribuídos do seguinte xeito:

A) Membros Natos:

O Alcalde de Vilalba ou persoa da Corporación Municipal en quen delegue. O Cura Párroco de Santa María de Vilalba, ou persoa do seú colectivo en quen delegue.

B) Membros electos:

Cinco persoas elixidas segundo o procedemento descrito no artigo seguinte dos presentes Estatutos.

C) Membros de honra:

O Padroado poderá nomear patróns de honra a aquelas persoas que se distinguen polas súas contribucións á Fundación. Que poderán asistir con voz pero sen voto as reunións do Padroado. E situaranse en lugar preeminente nos actos institucionais convocados pola Fundación.

Poderán ser membros electos do Padroado aqueles doadores que ostenten dita condición alomenos durante un ano e que teñan plena

capacidade de obrar e non estean inhabilitados para o exercicio de cargos públicos nin se atopen incursas en causa de incompatibilidade.

As persoas xurídicas poderán formar parte do Padroado e deberán designar á persoa física que as represente.

Os patróns que sexan persoas físicas deberán exercer o seu cargo persoalmente; non obstante, poderá actuar no seu nome e representación outro patrón designado por él.

Artigo 18. Elección dos membros electos do Padroado.

Os membros electos do Padroado serán elixidos pola Asemblea de doadores, entre aquelas candidaturas que deberán estar formadas por cinco doadores que reúnan os requisitos necesarios para ser Patronos segundo estes estatutos.

As candidaturas poderán presentarse, dirixidas ao Presidente do Padroado, dende o momento da convocatoria da asemblea ata vinte e catro horas antes da celebración da mesma, debendo ser asinadas por todos os seus integrantes.

Todas as candidaturas presentadas serán expostas no taboeiro de anuncios da Fundación ata o momento da celebración da asemblea.

Deberán estar presentes na asemblea, cando menos, tres dos integrantes de cada candidatura. En caso contrario, a candidatura entenderase retirada.

De entre todas as candidaturas serán designados como membros do Padroado os integrantes da que obteña maior número de votos. En caso de non presentarse candidaturas, prorrogarase o mandato do Padroado saínte por un ano, ao termo do que se celebrará nova asemblea de doadores.

Artigo 19. Duración do mandato

Os patróns natos desempeñaran as súas funcións ata o cese do cargo ou

condición pola que foron nomeados.

Os patróns electos desempeñarán as súas funcións por períodos de cinco anos, podendo ser reelixidos un número indefinido de veces.

Artigo 20. Aceptación dos membros do Padroado e inscrición no rexistro

Os patróns entrarán a exercer as súas funcións logo de aceptaren expresamente o seu cargo. Esta aceptación poderá constar en documento público independente, en documento privado con sinatura lexitimada por un fedatario público, mediante comparecencia realizada ante o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ou perante o Padroado, e acreditarase mediante certificación expedida polo secretario co visto e prace do presidente.

A designación dos membros do Padroado e os seus cargos e a correspondente aceptación serán notificadas polo Padroado ao Protectorado e inscritas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 21. Cese e substitución de patróns.

1. O cese dos patróns da Fundación producirase nos supostos seguintes:

- a) Por morte ou declaración de falecemento.
- b) Por renuncia comunicada de forma fehaciente ante o padroado.
- c) Por incapacidade, inhabilitación, ou incompatibilidade, de acordo co establecido na lei.
- d) Por cese no cargo ou condición por razón da cal foron nomeados membros do padroado.
- e) Por resolución xudicial.
- f) Por acordo adoptado por maioría dos sete membros do padroado, respecto dos patróns electos.
- g) Polo transcurso do período do seu mandato.

2. Se algún patrón cesase, a súa substitución será realizada polo Padroado por acordo da maioría dos seus membros, entre os doadores que reúnan os requisitos para ser patrón segundo o disposto nestes estatutos.

O cesamento dos membros do Padroado comunicáraselle ao Protectorado e inscribírase no Rexistro de Fundacións.

Artigo 22. Carácter gratuíto do cargo de patrón

Os patróns exercerán o seu cargo gratuitamente, sen prexuízo do dereito a que se lles reembolsen os gastos debidamente xustificadas que o desempeño da súa función lles ocasione.

Artigo 23. Organización do Padroado.

O Padroado designará de entre os seus membros un presidente e un vicepresidente.

Así mesmo, o Padroado designará un secretario, cargo que poderá recaer en persoa allea ao Padroado; neste caso terá voz pero non voto.

Artigo 24. O presidente.

Son funcións do Presidente:

- a) Exercer a representación da Fundación do seo padroado ante toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas.
- b) Supervisar as operacións da fundación e presentar ao padroado os informes que considere oportunos.
- c) Adoptar as decisións necesarias para a xestión e administración da fundación.
- d) Acordar as convocatorias das reunións do Padroado; fixar a orde do día; presidir as reunións; dirixir e moderar os debates; someter a votación os acordos e, de ser o caso, dispoñer a execución dos acordos adoptados, para o cal poderá realizar toda clase de actos e asinar os documentos que sexan necesarios para tal fin.
- e) Resolver os empates, que se poidan producir nas votacións das reunións do Padroado co seo voto de calidade.
- f) Determinar o procedente, en caso extraordinario, excepcional e cuxa urxencia non permita convocar o Padroado, sempre inspirándose no espírito dos Estatutos e sen que incurra en funcións indelegables e dando, subsiguientemente, conta das súas determinacións resolucións adoptadas, na reunión do Padroado máis próxima ou no seu caso, convocando unha sesión extraordinaria, se o asunto o requirise.
- g) Calquera outra función que sexa válidamente encomendada ou delegada polo Padroado ou que lle sexa atribuída polo ordenamento

xurídico á Fundación e que non sexa encomendada a un órgano en especial.

Artigo 25. O vicepresidente

Corresponderalle ao vicepresidente realizar as funcións do presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade. Tamén poderá actuar en representación da Fundación naqueles supostos en que así se determine por acordo do Padroado.

Artigo 26. O secretario

Son funcións do secretario:

- a) Efectuar a convocatoria das reunións do Padroado por orde da presidencia e realizar as correspondentes citacións aos membros do Padroado.
- b) Asistir ás reunións do Padroado, con voz e voto se forma parte do Padroado, ou só con voz en caso contrario.
- c) Custodiar a documentación da Fundación, redactar as actas correspondentes ás reunións do Padroado e transcribilas ao correspondente libro de actas.
- d) Expedir as certificacións co visto e praxe da presidencia, en relación cos acordos adoptados polo Padroado.
- e) Calquera outra inherente á súa condición de secretario, e aquelas que expresamente lle sexan atribuídas nos presentes estatutos.

Nos supostos de vacante, ausencia, imposibilidade ou enfermidade, o secretario será substituído por outro membro do Padroado, excluído o presidente, ou persoa allea que o Padroado designe.

Artigo 27. Facultades do Padroado

Na súa actuación, o Padroado deberase axustar ao preceptuado na lexislación vixente e á fin fundacional da entidade.

Con independencia das funcións que lle atribúen os presentes estatutos e sen prexuízo de solicitar, se fose o caso, as preceptivas autorizacións ao

Protectorado, a título enunciativo, serán facultades do Padroado:

- a) Exercer o goberno, a representación, a inspección, a vixiancia e a orientación da Fundación.
- b) Interpretar e desenvolver os presentes estatutos e, de ser o caso, adoptar acordos sobre a súa modificación, sempre que resulte conveniente para os intereses da Fundación e a mellor consecución dos seus fins.
- c) Fixar as liñas xerais de funcionamento da entidade e de distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre as actividades da Fundación.
- d) Acordar a apertura e o peche dos seus centros, oficinas e delegacións
- e) Nomear apoderados xerais ou especiais, outorgar poderes e revogalos.
- f) Aprobar o plan de actuación e as contas anuais que serán obxecto de presentación ao Protectorado.
- g) Aprobar a natureza, categorías, formas de vinculación y cuantía das cuotas dos doadores ou outros colaboradores e/ou mecenas da Fundación.
- h) Nomear e cesar ó Presidente, Vicepresidente, e Secretario, e aos patróns en concordancia co especificado nos artigos 17 e 18 destes estatutos.
- i) Designar Membros de Honra, para formar parte, en calidad de integrantes do Padroado, con voz pero sen voto.
- j) Decidir, a proposta do presidente a convocatoria da asemblea de doadores.
- k) Delegar as súas facultades nun ou máis patróns, sen que poidan ser obxecto de delegación:
 - A aprobación das contas anuais e do plan de actuación.
 - A modificación dos estatutos.
 - O acordo de fusión, extinción ou liquidación da Fundación.
 - Nomear e cesar ó Presidente, Vicepresidente, Secretario, patróns e a designación dos membros de Honra.
 - Calquera acto que precise a autorización ou aprobación do Protectorado.

Artigo 28. Obrigas e dereitos dos membros do Padroado

Na súa actuación, o Padroado deberase axustar ao establecido na lexislación vixente.

Son obrigas dos membros do Padroado:

- a) Cumprir e facer cumprir os fins fundacionais.
- b) Administrar os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación mantendo o seu rendemento, utilidade e produtividade segundo os criterios económico-financeiros dun bo xestor.
- c) Asistir ás reunións do Padroado e velar pola legalidade dos acordos que se adopten nelas.
- d) Realizar os actos necesarios para a inscrición da Fundación no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Son dereitos dos membros do Padroado:

- a) Recibir a convocatoria coa orde do día e asistir ás reunións dos órganos dos que formen parte.
- b) Exercer o dereito de voto.
- c) Obter a información precisa para o cumprimento das súas funcións.

Artigo 29. Responsabilidades dos patróns.

Os patróns deberán desempeñar o seu cargo coa dilixencia dun representante leal.

Os patróns responderán solidariamente fronte á Fundación dos danos e perdas que causen por actos contrarios á lei ou aos estatutos ou polos realizados sen a dilixencia con que deben desempeñar o cargo. Quedarán exentos de responsabilidade os que voten en contra do acordo e os que proben que, non intervindo na súa adopción e execución, descoñecían a súa existencia ou, coñecéndoa, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, cando menos, se opuxeron expresamente a aquel.

Artigo 30. Reunións do Padroado

O Padroado reunirse, polo menos, dúas veces cada ano e tantas veces como sexa preciso para a boa marcha da Fundación. Corresponde ao presidente ordenar a convocatoria das reunións, por propia iniciativa ou por petición das dúas terceiras partes dos membros do Padroado.

A convocatoria expresará a orde do día, así como o lugar, a data e a hora da reunión. Cursarase por escrito e farase chegar a cada un dos membros,

polo menos, con nove días de anticipación á data da súa celebración, por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción.

Non será precisa convocatoria previa cando, estando presentes todos os patróns, acorden por unanimidade a celebración da reunión e a correspondente orde do día.

Artigo 31. Formas de deliberación e adopción de acordos

O Padroado entenderanse validamente constituído cando concorran, presentes ou representados, na forma legalmente establecida, polo menos a metade máis un dos seus membros.

Os acordos serán inmediatamente executivos e adoptaranse pola metade, mais un, dos asistentes, sendo dirimente en caso de empate o voto da presidencia. Non obstante, requirirase o voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes sempre que, ademáis, supoña a maioría absoluta dos seus membros, para adoptar acordos que se refiran á reforma ou modificación dos estatutos, á disposición de bens a título gratuito, á fusión, á escisión e á extinción da fundación.

Das reunións do Padroado redactará a acta o secretario, que será aprobada nesa mesma ou na seguinte reunión. Unha vez aprobada, transcribirase no correspondente libro de actas e será asinada polo secretario co visto e prace do presidente.

II – ÓRGANOS DE ASESORAMENTO E XESTIÓN

Artigo 32. Consellos asesores

O Padroado poderá crear consellos asesores e comisións de estudo, así como órganos similares con funcións de apoio e asesoramento, para o mellor desenvolvemento dos fins fundacionais.

A creación, modificación e supresión destes órganos, así como a súa composición, deberán ser notificadas ao protectorado e inscritas no Rexistro de Fundacións.

Artigo 33. Xerente

O Padroado poderá acordar a contratación dun director/xerente con competencias en materia de xestión e administración da Fundación. A súa designación e cesamento deben ser notificados ao Protectorado e inscritos no Rexistro de Fundacións.

TÍTULO QUINTO

RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 34. Patrimonio fundacional

O patrimonio da Fundación está integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica que integren a dotación, así como por aqueles que adquira a Fundación con posterioridade á súa constitución, tanto se se afectan á dotación como se non.

Uns e outros deberán figurar a nome da Fundación, constar no seu inventario e no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

O Padroado promoverá, baixo a súa responsabilidade, a inscrición a nome da Fundación dos bens e dereitos que integran o seu patrimonio nos rexistros públicos correspondentes.

Artigo 35. Adscrición do patrimonio fundacional

Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que produzan, quedarán vinculados ao cumprimento dos fins que a Fundación persegue, nos termos establecidos na lexislación vixente e nos estatutos.

Artigo 36. Financiamento

A Fundación, para o desenvolvemento das súas actividades, financiarase cos recursos que proveñan do rendemento do seu patrimonio e, se fose o caso, con aquel outros procedentes das axudas, subvencións, doazóns, herdanzas ou legados que reciba de persoas ou entidades, tanto públicas

como privadas.

A Fundación poderá percibir cantidades derivadas de actividades e servizos directamente prestados por ela aos seus beneficiarios sempre que isto:

- a) Non desvirtúe o interese xeral para a Comunidade Autónoma.
- b) Non sexa contrario á vontade fundacional.
- c) Non implique unha limitación inxustificada do ámbito dos seus posibles beneficiarios.

Na xestión económico-financeira, a Fundación rexerese de acordo cos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.

Artigo 37. Plan de actuación

O Padroado aprobará e remitirá ao Protectorado, nos últimos tres meses de cada exercicio, un plan de actuación en que se conteñan os obxectivos e as actividades que se teña previsto desenvolver no exercicio seguinte, xunto coa previsión de ingresos e gastos e unha memoria explicativa del. O dito plan será depositado no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 38. Contas anuais

A Fundación levará unha contabilidade ordenada e adecuada á súa actividade que permita o seguimento cronolóxico das actuacións realizadas. Para iso, contará cun libro diario e un libro de inventarios e contas anuais.

As contas anuais comprenden o balance, a conta de resultados e unha memoria. Estes documentos forman unha unidade e deben ser elaborados seguindo os modelos, normas e criterios establecidos na adaptación sectorial do Plan xeral de contabilidade para as entidades sen fins lucrativos.

As contas anuais serán formuladas polo órgano de goberno da entidade, o cal responderá da súa veracidade. Deberán ser aprobadas polo Padroado no prazo de seis meses desde o peche do exercicio económico e presentaranse ante o Protectorado no prazo de vinte días hábiles

seguintes ao da súa aprobación para o seu exame e posterior depósito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Nos casos en que as contas anuais se sometan a auditoría, serán formuladas dentro dos tres (3) primeiros meses seguintes ao día do peche do exercicio. Neste caso presentarse, xunto coa documentación contable, o informe de auditoría correspondente.

Artigo 39. Exercicio económico

O exercicio económico da Fundación coincidirá co ano natural.

TÍTULO SEXTO

DA MODIFICACIÓN, FUSIÓN, ESCISIÓN OU EXTINCIÓN

Artigo 40. Modificación de estatutos

Por acordo do Padroado poderán ser modificados os presentes estatutos, sempre que resulte conveniente para os intereses da Fundación e se cumpran os requisitos previstos nestes estatutos e na lexislación vixente.

Procederáse á citada modificación cando as circunstancias que presidiron a constitución da Fundación teñan variado de tal maneira que esta non poida actuar satisfactoriamente de conformidade cos estatutos en vigor.

Artigo 41. Fusión e/ou escisión

A Fundación poderase fusionar con outra ou outras, logo do acordo dos respectivos padroados. Igualmente, o Padroado poderá aprobar a escisión de parte da Fundación nos termos e cos requisitos legalmente establecidos.

Artigo 42. Extinción da Fundación

A Fundación extinguirase polas causas legais e estatutariamente establecidas e de acordo cos procedementos previstos na normativa vixente.

Artigo 43. Liquidación e adxudicación

A extinción da Fundación determinará a apertura do procedemento de liquidación, que será realizada polo Padroado baixo o control do Protectorado.

Os bens e dereitos resultantes da liquidación destinaranse ás fundacións ou ás entidades non lucrativas, privadas ou públicas, que persigan fins de interese xeral e que teñan afectados os seus bens, incluso para o suposto de disolución, á consecución daqueles, e que estean consideradas como entidades beneficiarias do mecenado, ou a entidades públicas de natureza non fundacional que persigan fins de interese xeral.

Corresponde ao Padroado designar as entidades receptoras destes bens, de acordo co establecido na lexislación vixente.

Artigo 44. Adopción dos acordos e comunicación e inscrición no Rexistro.

Para a adopción de acordos de modificación, fusión, escisión, extinción e liquidación será necesario o voto favorable das maiorías establecidas no artigo 31.

Os citados acordos serán comunicados e/ou autorizados ante o Protectorado para os efectos de cualificación de legalidade, formalizados en escritura pública e inscritos no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

CLÁUSULA ADICIONAL

O contido destes estatutos non implica limitación ou substitución das competencias que a lexislación vixente atribúe ao Protectorado.

A interpretación do establecido nestes estatutos farase en concordancia coa normativa sectorial que, así mesmo, será aplicable no non previsto neles.

ES COPIA SIMPLE